



No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do concello de Samos, sendo as dez horas do día **TRINTA DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZASETE**, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Julio Gallego Moure, comparecen os Sres. concelleiros D. José A. García Jurjo, Dona Marisol Orille Díaz, D. Juan Luís López Díaz, D. José Manuel Campo López e Dona Maria del Carmen Abad Rodríguez (ausentes previa excusa os Sres. concelleiros D. José Antonio Real Vázquez, D. José Aurelio López López e D. Manuel López Armesto), asistidos pola secretaria municipal D<sup>a</sup>. Ana Isabel Candame Areosa, que da fé do acto, co obxecto de celebrar sesión **“extraordinaria e urxente”** do **PLENO** deste Concello en primeira convocatoria, previa á mesma.

Xa que asiste o quórum legal para a súa celebración, declarouse aberta a sesión pola Presidencia e procedeuse a examinar os asuntos incluídos na orde do día, que se desenvolveron como se expresa a continuación:

### **1º.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA CONVOCATORIA.**

Ao abeiro do sinalado polo art. 79 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde en funcións diríxese aos Sres. concelleiros para indicar que procede que o Pleno Corporativo se pronuncie sobre a urxencia, e sinala que a mesma, tal e como figura no Decreto nº 2017-0167 de convocatoria da sesión, deriva do feito de poder rexistrar de entrada na Deputación Provincial de Lugo coa antelación requirida no BOP, os anuncios de exposición ao público dos expedientes relacionados na orde do día, no caso de resultar aprobados polo Pleno Corporativo, para que poidan sair publicados o 02/12/2017, de xeito que permitan tras a tramitación pertinente que a súa entrada en vigor sexa dentro do exercicio 2017.

Se procede á votación, e por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes (seis votos a favor), sendo nove o número legal de membros, o Pleno Corporativo aprecia a urxencia da convocatoria.

### **2º.- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 18/2017: TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ENTRE APLICACIÓNS DE DISTINTA ÁREA DE GASTO.**

Visto que a Comisión Especial de Contas, a cal segundo Acordo Plenario de data 7 de xullo de 2015 actúa como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de economía e facenda, na súa sesión ordinaria de data 28 de novembro de 2017 ditaminou favorablemente a Proposta de Alcaldía obrante no expediente por unanimidade dos seus catro membros asistentes, sendo seis o número legal de membros.

Vista a Proposta de Alcaldía de data 22 de novembro de 2017 obrante no expediente, co teor literal seguinte:

“

#### **Proposta de Alcaldía ao Pleno Corporativo**

**Expediente nº:** 526/2017

**Procedemento:** Modificación de crédito nº 18/2017. Transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias de distinta área de gasto.

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Visto que ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio para poder recoñecer no exercicio 2017 as obrigas económicas correspondentes *aos honorarios de redacción do Proyecto técnico*



das obras de Mellora de camiños municipais no concello de Samos 2017-2018. Acceso ao núcleo de Lousada e acceso ao núcleo de Chaos, incluídas no Plan de Mellora de camiños municipais 2017-2018 (non subvencionables por Agader), e subministro de cartel para publicidade da subvención provincial concedida para as obras do POS 2016 de Mellora de pavimentación en vías interiores en Montán, Sivil, Lourido, Lousada, Castroncán e Frollais (non subvencionable pola Deputación Provincial), para os que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable, verificado ao nivel de vinculación xurídica establecido nas Bases de Execución, e dado que cabe efectuar transferencias de créditos doutras aplicacións do Orzamento, por Providencia de Alcaldía incoouse o expediente de modificación orzamentaria nº18/2017, baixo a modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área, nos termos indicados na Memoria de Alcaldía obrante no expediente.

Vista a Base nº 11 das de Execución Orzamentaria para o exercizo 2017.

Visto o informe favorable de Secretaría-Intervención e demais documentación obrante no expediente.

**ESTA ALCALDÍA PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE SAMOS**, órgano competente en virtude do art. 179.2 do TRLRFL, 40.3 do R.D. 500/1990, de 20 de abril, e Base nº 11 das de Execución Orzamentaria, **PREVIO INFORME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS** a cal segundo Acordo Plenario de data 07/07/2015 actúa como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de Economía e Facenda, **ADOpte OS SEGUINTEs ACORDOS:**

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de modificación de créditos n.º 18/2017, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto, consonte ao seguinte detalle:

#### RESUMO POR APLICACIÓNs ORZAMENTARIAS:

##### Altas en aplicacións de gastos

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
Por Programas (Área de gasto)	Económica		
1531	619	Acceso a núcleos de poboación. Outros investimentos de reposición de infraestructuras e bens de interese xeral ( <i>Obras de mellora de pavimentación en vías interiores en Montán, Sivil, Lourido, Lousada, Castroncán e Frollais</i> , financiadas ao abeiro do POS 2016)	416,22
454	619	Camiños veciñais. Outros investimentos de reposición de infraestructuras e bens de interese xeral ( <i>Obras de mellora de camiños municipais no concello de Samos 2017-2018. Acceso ao núcleo de Lousada e acceso ao núcleo de Chaos</i> , incluídas no Plan de Mellora de camiños municipais 2017-2018)	1.951,73
<b>TOTAL GASTOS</b>			<b>2.367,95</b>



### Baixas en aplicacións de gastos

Aplicación Orzamentaria		Descripción	Euros
Por programas (Área de gasto)	Económica		
920	22100	Administración Xeral. Enerxía Eléctrica	2.367,95
<b>TOTAL GASTOS</b>			<b>2.367,95</b>

### RESUMO POR CAPÍTULOS:

ESTADO DE GASTOS			ESTADO DE GASTOS		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	AUMENTO	CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	DISMINUCIÓN
VI	Investimentos reais	2.367,95€	II	Gastos en bens correntes e servizos	2.367,95€
<b>TOTAL</b>	<b>2.367,95€</b>		<b>TOTAL</b>	<b>2.367,95€</b>	

**SEGUNDO:** Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no taboleiro de edictos do Concello e en o *Boletín Oficial da Provincia*, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

O alcalde, Asdo.- Julio Gallego Moure. DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE"

Sen que se produzan intervencións, se procede á votación, e por unanimidade dos sres. concelleiros asistentes (seis votos a favor sendo nove o número legal de membros), queda aprobada a Proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

### **3º.- MODIFICACIÓN DO SALDO INICIAL DE OBRIGAS RECOÑECIDAS PENDENTES DE PAGO DE EJERCICIOS PECHADOS.**

Visto que a Comisión Especial de Contas, a cal segundo Acordo Plenario de data 7 de xullo de 2015 actúa como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de economía e facenda, na súa sesión ordinaria de data 28 de novembro de 2017 ditaminou favorablemente a Proposta de Alcaldía obrante no expediente por unanimidade dos seus catro membros asistentes, sendo seis o número legal de membros.

Vista a rectificación do saldo inicial de obrigas recoñecidas pendentes de pago de exercicios pechados (conta 401) á alza en contía 7.530,67€ que se pretende, a cal se desagrega e xustifica no exercicio orzamentario de 2017 polos seguintes motivos:



a) Por Decreto de Alcaldía nº 2016-0026 de data 30/12/2016 se avocaron competencias delegadas en Xunta de Goberno Local para a aprobación de facturas e gastos de final de ano (acumulación de fases ADO de execución orzamentaria) por importe total de 7.530,68 €, sen embargo por erro quedaron sen contabilizar nas correspondentes aplicacións do estado de gastos do 2016, erro que foi advertido posteriormente á aprobación da liquidación do exercicio 2016. O pago foi realizado no exercicio 2017 ao que se imputarían tamén as fases ADO.

As facturas e gastos aprobadas en dito Decreto de Alcaldía nº 2016-0026 por un importe total de 7.530,68€ e as aplicacións orzamentarias ás que se refieren son:

Nº Factura	Emisor	Concepto	Partidas presupuestarias	Euros
1606863	Canon Sistemas de oficina	Copias impresoras municipal y del juzgado de paz	920.219	70,91
15	Eloy López López	Tableros para feira gandeira en louzara	419.22609	332,75
122-1-12/8	Supermercado Froiz S.A.U	Alimentación para a residencia de maiores	231.22105	119,40
122-1-12/5	Supermercado Froiz S.A.U	Alimentación para a residencia de maiores	231.22105	61,68
16/229	Neumáticos Formigueiros D.B.	Arranxo neumáticos vehículos municipais	170.214	66,55
160005906	Prelo XL	Cartel Aprol Rural	231.22199	61,14
1600085	Lousao s.l.	Arreglo fiat marea prestado polo concesionario	170.214	336,62
FV6/2454	Distribuciones Arifer	Productos limpeza e aseo residencia mayores de Samos	231.22110	185,36
FV6/2453	Distribuciones Arifer	Productos de alimentación para residencia mayores de Samos	231.22105	732,46
270316FS0033273	Supervisión y Control S.A.	Itv-Dacia Dokker, gasto suplido por Marcos Villanueva López	170.214	19,50
2043	Plagostel Industria Alimentaria s.l.	Operación higienico sanitarias en residencia de mayores	231.22799	961,95
2016/3204	Sogama	Tratamiento R.S.U. novembro 16	162.22700	2.079,50
Locomocións 2016	Alba María Alvarez Vergara	Locomociones en vehiculo propio para el ayuntamiento	920.23100	19,22



Locomocións 2016	Angeles Muiña Gomez	Locomociones en vehiculo propio para el ayuntamiento	920.23100	46,93
Locomocións 2016	José L. López Moure	Locomociones en vehiculo propio para el ayuntamiento	920.23100	26,22
Locomocións 2016	Olga Valdés Sánchez	Locomociones en vehiculo propio para el ayuntamiento	920.23100	72,96
623	Oribio S.L.	Carnicos residencia mayores	231.22105	168,68
Y/16/000117	J.Amadeo Arias-Repsol Samos	Gasoil servido vehículos y maquinaria municipales	920.22103	331,00
134/2016	Sarriana de patatas	Patatas y cebollas para la residencia	920.22105	67,08
A/635	Limpiezas MR. Xaum	Limpieza ayuntamiento y dependencias ayuntamiento Dic/16	920.22700	827,25
33/2016	Alcar Electricidad s.l.	Mantenimieento alumbrados públicos	165.213	431,06
1144	Carnicería Pfo -Miquel Prestamo López	Carnicos residencia dic/16	231.22105	512,46

b) Existencia na contabilidade de unha diferenza na conta 401 de 0,01€, correspondente a diferenza existente entre o recoñecido e o pagado polas obras do POS 2009, Abastecemento de auga a Formigueiros, polo que procederá modificar á baixa o saldo da conta 401 en 0,01€.

Vista a Proposta de Alcaldía de data 23 de novembro de 2017 obrante no expediente, e a cal a continuación se transcribe:

“

**Proposta de Alcaldía**

**Expediente nº: 527/2017**

**Procedemento:** Modificación Saldo inicial obrigas recoñecidas en exercicios anteriores.

**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Visto o expediente tramitado para efectuar a modificación do saldo inicial, se procede, de obrigas recoñecidas de exercicios anteriores pendentes de pago.

Vistos sendos informes da secretaria-interventora-tesoureira sobre procedemento e lexislación aplicable, así como o que informa favorablemente á modificación á alza do saldo inicial de obrigas recoñecidas en exercicios anteriores pendentes de pago.



**ESTA ALCALDÍA PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE SAMOS**, órgano competente ao abeiro do artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación co artigo 212.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, **PREVIO INFORME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS** a cal segundo Acordo Plenario de data 07/07/2015 actúa como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de Economía e Facenda, **ADOpte OS SEGUINTEs ACORDOS:**

### DISPOÑO

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación á alza por importe total de 7.530,67€ do saldo inicial de obrigas recoñecidas pendentes de pago de exercicios anteriores, nos termos sinalados no expediente.

A presente modificación xustifícase no feito de rectificar os erros advertidos na contabilidade municipal.

**SEGUNDO.** Someter o expediente a información pública polo prazo de quince días mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do concello, transcorridos os cales, sen presentarse reclamacións, se entenderá definitivamente adoptado o presente acordo.

**TERCEIRO.** Que se proceda a efectuar na contabilidade os asentos oportunos para a efectividade deste acordo, unha vez producida a aprobación definitiva do expediente.

O alcalde, Asdo.- Julio Gallego Moure. DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.”

Sen que se produzan intervencións, se procede á votación, e por unanimidade dos sres. concelleiros asistentes (seis votos a favor sendo nove o número legal de membros), queda aprobada a Proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. presidente dáse por rematado o acto, sendo as dez horas e dez minutos do expresado día, levantándose a presente acta da que eu como secretaria DOU FE.

O presidente,

A secretaria,

Asdo.- Julio Gallego Moure.

Asdo.- Ana I. Candame Areosa.